



Prezado/a Director/a:

O Servizo Municipal de Educación **convínavos a participar cos vosos alumnos/as nunha nova edición da iniciativa didáctica municipal “Visita o teu Concello” curso 2024-2025**, destinada a **escolares de 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º da ESO dos centros escolares** radicados no termo municipal de Vigo. O obxectivo desta actividade é achegar dun xeito didáctico aos escolares á administración municipal da nosa cidade, dando a coñecer a estrutura, funcións e competencias do Concello de Vigo e reflexionando sobre o papel e a eficacia das administracións locais como garantes dos servizos públicos.

Durante esta visita está previsto percorrer algúns dos servizos municipais con máis interese para os escolares, explicando o funcionamento de cada un deles e dando a posibilidade, se é factible, de participar activamente nalgún deles mediante algún xogo ou actividade práctica. En función da disponibilidad puntual dos servizos e atendendo as súas necesidades, a proposta didáctica a visitar sería semellante ao seguinte:

- A lonxa e o concepto de ventá administrativa única para o cidadán (Pranta baixa).
- Auditorio Municipal “Cidade de Vigo”.
- Dependencias do Gabinete da Alcaldía.
- Sala de xuntanzas da Xunta de Goberno Local.
- Salón de Plenos da Corporación Municipal.
- Sala de control de tráfico.
- Laboratorio Municipal.
- Escola de Danza Municipal.
- Sala de prensa.
- ...

A loxística organizativa que se propón desta actividade é a que segue:

- **Periodo visitas escolares guiadas**: Da 2ª quincena de outubro de 2024 ate a 1ª quincena de xuño de 2025, en frecuencia de martes e xoves lectivos, en horario estimado de 10,00 hs. a 12,00 hs.
- **Alumnado destinatario**: Grupos máximo de 50 escolares de 5º e 6º Educación Primaria ou 1º e 2º ESO.
- **Duración da visita didáctica**: 120 minutos aprox.
- **Solicitud da visita didáctica**: Remitir a ficha de inscrición que se achega cuberta antes do 10 de Outubro de 2024 ao seguinte enderezo de correo electrónico: ime@vigo.org. Dado que o número de visitas didácticas programadas para escolares é limitado, atenderase ao criterio como a rigurosa orde de solicitude.
- **Contarase co desprazamento gratuito dos escolares en bus sufragado polo Concello.**
- **Proposta de traballo previo na aula, preparatorio para o desenvolvemento da visita**: Convídase a cada grupo-aula que participe nesta iniciativa didáctica municipal, a que faga guiado polo seu profesorado, un traballo común previo á visita, de xeito voluntario e no formato elixido polo alumnado (documento, póster, cartaz, ...) onde recollan as súas opinións, inxerencias e ideas para facer de Vigo unha cidade mellor para a infancia. Os centros educativos que fagan este traballo terán a oportunidade de presentarllo ao Alcalde durante a recepción que éste lles fará durante a visita ao Concello, e todos estes traballos achegados servirán como soporte documental básico para o posible desenvolvemento e implementación dun Pleno Infantil.

Consonte ao anteriormente exposto, prégoles traslade a presente información ao profesorado de 5º a 6º de primaria e 1º e 2º da ESO do centro que vostede dirixe, agardando que a iniciativa didáctica proposta sexa de interese e utilidade para a comunidade educativa.

Atentamente, reciba un cordial saúdo.

En Vigo a data da súa sinatura dixital

A CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN .- Olga Alonso Suárez

Praza do Rei, s/n
36202 – Vigo
Tfno.: 986810181
ofi.educacion@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/09/2024 14:09	Páxina 1 de 1
240285897	CSV: A2AC5H-CB37E6-8A3153-FX34CJ-YMP3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		